

Pararge aegeria (Linnaeus, 1758)
Apincharada común

Orde:

Lepidoptera

Familia:

Nymphalidae

Tamaño:

M

Grao de ameaza:

Galicia: nc

España: nc

Europa: nc



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

- **Anverso.** Cor de fondo marrón escura salpicada por unha serie de máculas alaranxadas. No ápice do par dianteiro e na zona submarginal das ás traseiras presenta ocelos negros con pupila branca.
- **Reverso.** A aparencia xeral do par dianteiro recorda bastante á do anverso, cousa que non ocorre co par traseiro, cun deseño acastañado máis discreto. Os ocelos déixanse ver tamén por esta cara das ás, aínda que moito menos patentes.
- **Dimorfismo sexual.** Marcado, a presenza das androconias (escamas especializadas con glándulas que liberan feromonas durante o cortexo para atraer as femias) nas ás dianteiras dos machos fai que nestas predomine claramente a cor marrón escura fronte ao alaranxado das máculas, cousa que non ocorre nas femias co protagonismo das dúas cores repartido ao 50% ou sendo maior incluso o do alaranxado.
- **Voltinismo.** Polivoltina, as distintas xeracións sucédense ao longo de todo o ano.

HÁBITAT E PLANTAS NUTRICIAS

- Gusta moito das zonas boscosas, de ribeira e regatos onde dominan os xogos de luces e sombras, polo que o bosque de ribeira é unha das súas zonas preferidas neste ENIL. Entre as súas nutricias destacan as gramíneas dos xéneros Festuca, Poa, Brachypodium etc.

COSTUMES

- Os machos son moi territoriais e non é raro observalos vixiando sempre desde os seus pousadoiros predilectos, en zonas de sol e sombra, para defender os seus territorios fronte a outras bolboretas que traten de adentrarse neles.
- As femias depositan os ovos un a un sobre as follas da planta que empregarán como nutricia as eirugas durante toda a fase alimenticia. Pousan indistinta mente coas ás abertas ou pechadas.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

- Amplamente estendida polo norte de África, toda Europa (incluída a Macaronesia) chegando mesmo ata a parte central do continente asiático.

Texto procedente de: Rodrigo Dapena, J., Fernández-Martínez, M.Á., González Pimentel, S. (2020). Guía de Bolboretas do ENIL Xunqueira de Alba. Ed Concello de Pontevedra e Concellería de Desenvolvemento Sostible e Medio Natural.

Ilustración: Antía Ares Carril